

# ANUNCIO

## ZONA DE CONCENTRACIÓN PARCELARIA DE ARANTÓN – SANTA SABIÑA (SANTA COMBA – A CORUÑA)

### TOMA DE POSESIÓN PROVISIONAL

A directora xeral de Desenvolvemento Rural, con data 24.10.2022, resolveu poñer a disposición os predios de substitución resultantes do proceso de reestruturación parcelaria da zona de Arantón-Santa Sabiña (Santa Comba-A Coruña), na que figura vostede como propietario, para a súa toma de posesión provisional (artigo 37 da Lei 4/2015 de 17 de xuño, de mellora da estrutura territorial agraria de Galicia).

**As datas para tomar posesión provisional** dos novos predios son as seguintes:

- 1 Para terreos de prado, pasteiro, labradío sen colleita e monte, o día **15.12.2022**
- 2 Para os restantes terreos, no momento, no que segundo a costume, se retiren as colleitas actuais.

Para o caso de que se pretenda retirar arborado, **a data límite para a dita retirada é o día 15.06.2023**, debendo contarse co preceptivo permiso do Servizo de Montes e xestionándose o aproveitamento con suxeición ao establecido na normativa sectorial vixente. (Información na dirección web: <https://ovmediorural.xunta.gal/es/tramites/corweb>)

Poderá **reclamarse** por defecto de superficie nos predios atribuídos no prazo de **dous meses** contados a partir do día seguinte ó **15.12.2022**, para a posta a disposición dos predios de substitución, achegando unha medición pericial asinada por técnico competente, sobre diferenzas de superficie superiores a unha marxe de tolerancia variable entre a medición in situ e a que conste no boletín de atribucións dos novos predios conforme o disposto no artigo 37 da Lei 4/2015, de 17 de xuño. Debe terse en conta que:

- 1 A falta de superficie detectada nun predio de substitución non será compensada cando exista exceso de superficie no conxunto dos predios atribuídos ao mesmo propietario, e esta sexa suficiente para compensar en valor de puntuación o conxunto das atribucións.
- 2 No caso de que un predio de substitución coincida exactamente na súa delimitación cartográfica cunha parcela achegada polo mesma persoa titular non se admitirá ningunha reclamación por defecto de superficie nese predio de substitución.

As persoas propietarias das parcelas de achega **deben permitir** aos titulares dos novos predios o **acceso** aos mesmos para proceder á medición destes no prazo dos dous meses arriba sinalado, infórmase que:

- 1 Impedir ou obstaculizar a toma de posesión é considerada unha infracción moi grave sancionada con multa de 1.501 a 6.000 euros (artigo 90 da Lei 4/2015)
- 2 Sen prexuízo do indicado no punto anterior, a toma de posesión poderá darse, previo apercebimento, mediante compulsión directa sobre a/s persoa/s que a impidan.

Os planos do acordo e as coordenadas dos marcos están accesibles en internet na páxina web da Consellería do Medio Rural, na sección "Publicacións", na seguinte dirección:

<https://ovmediorural.xunta.gal/es/consultas-publicas/concentraciones-parcelarias-procesos>

A Coruña, na data da sinatura dixital  
A xefa do Servizo de Infraestruturas Agrarias  
M<sup>a</sup> Belén Mosquera Val

Xefatura Territorial da Consellería do Medio Rural  
Servizo de Infraestruturas Agrarias  
Edificio Administrativo Monelos  
Vicente Ferrer, 2, 6º andar  
15071 A Coruña  
Tel: +34 981 185 925  
[infraestructurasagrarias.mr@xunta.gal](mailto:infraestructurasagrarias.mr@xunta.gal)  
[mediorural.xunta.gal](http://mediorural.xunta.gal)

